


2. Función : Quiz (2h)


2.a. Como construír un exercicio tipo quiz

Despois de abrir JQuiz, escríbese o título do exercicio. Este aparece na cabezada ao abrir o exercicio e no índice se construímos unha unidade complexa con Masher.

Tamén podemos introducir subtítulos e instrucións que aparecerán debaixo do título, mais o campo que temos que encher entón non é visible na superficie. Temos que abrílo da forma seguinte:




E alí podemos introducir os subtítulos na caixiña de enriba e as instrucións abaixo:




Se utilizamos o primeiro quiz como modelo e elaboramos os demais a partiren deste, entón non debemos esquecer de borrar as instrucións e subtítulos do primeiro exercicios antes de exporta-lo segundo.

Tamén podemos dividir a páxina do alumno en dous de tal maneira que ve á esquerda unha información permanente (o texto de lectura) e á dereita as preguntas. É útil se queremos que esta información sega presente todo o rato, porque as instrucións e subtítulos desaparecen ao deslizaros coa barra ata abaixo para chegar ás últimas preguntas do exercicio.


O texto de lectura introdúcese aquí:



Non esqueces a indicar na caixaña enriba que se inclúa o texto de lectura!



Logo introducimos as preguntas no espazo debaixo do título e as posibles respostas nas casillas A, B, C ou D na esquerda. Se temos menos respostas, non pasa nada: as respostas abaixo que deixamos en branco non se presentan ao alumnado. Se temos máis respostas, movémonos cos triángulos a esquerda enriba e abaixo. Para chegar á segunda pregunta, utilizamos os triángulos pequenos ao carón do número da pregunta. Tamén temos que sinalizar á dereita cal é a resposta correcta.



Pódense sinalizar mais que unha resposta como correcta. O sistema permite tamén respostas cortas dunha soa palabra, mais entón é útil preferir o sistema híbrido, quere dicir, despois duns intentos fallidos o sistema cambia a elección múltiple. E nas opcións do programa, temos que configura-lo número de intentos antes de que o sistema cambie á elección múltiple.

